

CATARINA, O OSO E PEDRO

Texto e ilustracións de CHRISTIANE PIEPER

Tradución de MARC TAEGER e XOSÉ BALLESTEROS

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 40 págs. 14 €.

[Catarina, o Oso e Pedro](#) (galego)

ISBN 978-84-8464-633-4. Demademora.

[Catalina, el Oso y Pedro](#) (castelán)

ISBN 978-84-96388-63-5. Obras de autor. Primeros lectores.

[La Caterina, l'ós i en Pere](#) (catalán)

ISBN 978-84-934380-2-9. Obres d'autor. Primers lectors.

[Catarina, o Urso e Pedro](#) (portugués)

ISBN 978-972-8781-62-0. Obras de autor. Primeiros leitores.

Catarina e o Oso reciben a visita do curmán Pedro,
saúdanse e marchan sen rumbo polo mundo..

Ás veces, o Oso leva a Pedro sobre os ombros;
para Catarina pesa demasiado.

Ás veces, Pedro senta o Oso no colo;
para Catarina pesa demasiado..

Viaxan facendo carreiras... ás veces ladrando...


Tras «[Sen rumbo polo mundo, Catarina e o Oso](#)», un novo protagonista súmase ás aventuras destes divertidos personaxes creados por Christiane Pieper. Trátase de Pedro, un niño con diversidade funcional que se despraza en cadeira de rodas.

Este libro contribúe a romper barreiras, non só físicas, senón tamén mentais, e a demostrar que o movemento faise andando... ou rodando. Porque a integración das persoas con discapacidade non só lle ataño ás políticas propias do mundo adulto, senón que a través da educación dende os primeiros anos da infancia contribúese a construír un mundo máis igualitario, solidario e rico en diversidade.

«Catarina, o Oso e Pedro» -como o título precedente- insiste en conceptos como a amizade e propón un emocionante viaxe por diversos recunchos exóticos do planeta. Tamén lles propón aos primeiros lectores xogos numéricos, espaciais e psicomotrices, recomendados mesmo para os pre-lectores.

As ilustracións destacan pola soltura dos trazos e pola representación do movemento; son imaxes suxestivas, cheas de humor e de colorido. Como a infancia da autora transcorreu nunha granxa, a presenza dos animais e o seu simbolismo é moi frecuente na súa obra.

www. **kalandraka** .com
comunicacion@kalandraka.com



■ **Temática:** superación das barreiras que dificultan a integración das persoas con diversidade funcional.

■ **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.

■ **Aspectos destacables:** integración das nenas e dos nenos con diversidade funcional, descubrir os medios de locomoción; amizade; viaxar, compartir; da autora de «[Sen rumbo polo mundo, Catarina e o Oso](#)» (KALANDRAKA).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/catarina-oso-pedro-g>

Christiane Pieper

(Bergischen, Alemaña, 1962)

Estudou Psicoloxía en Giessen e Comunicación Visual en Kassel e Düsseldorf. Ilustradora por vocación, o seu primeiro publicouse en 1993 no selo alemán Peter Hammer. Dende entón, vive e traballa en Wuppertal. Ilustrou numerosos libros infantís con técnicas e estilos diversos. «Sen rumbo polo mundo, Catarina e o Oso» (KALANDRAKA) foi o seu primeiro libro como autora e ilustradora. Tamén imparte obradoiros de ilustración en países de Europa, Asia e África. Entre outros recoñecementos, recibiu o Premio de Álbum Ilustrado de Troisdorf.

<http://www.christiane-pieper.com>

